



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE A GUARDA O DÍA 27 DE XANEIRO DE 2012

Na Casa Consistorial do Concello de A Guarda, sendo as vinte horas do día vinteseite de xaneiro do ano dous mil doce, trala correspondente convocatoria, tivo lugar a sesión ordinaria do Pleno deste Concello que foi presidida polo Sr. Alcalde, D. Jose Manuel Domínguez Freitas e contou coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

- D^a. M^a Monserrat Magallanes Alvarez
- D. Miguel Angel Español Otero.
- D. Paulino Rodríguez González.
- D^a. M^a Teresa Vicente Baz.
- D. Antonio Lomba Baz
- D. Manuel Javier Crespo González.
- D^a. Carmen M^a Castro González.
- D^a. M^a de Fátima Iglesias Ferreira
- D. Rafael Pablo Rodríguez Amenedo
- D. Antonio Fontenla Martínez
- D^a. Hortensia M^a Vicente Santiago
- D^a. Rosa M^a Pazos Lomba
- D. Xan Lois Lomba Alonso.
- D^a. Hortensia García Díaz
- D^a. Beatriz Estévez Álvarez

Non asiste:

- D. José Vicente Ferreira

Actúa como Secretaria a da Corporación Dna. Julia M^a Carrasco González-Alegre.

Sendo a hora sinalada a Corporación garda un minuto de silencio en memoria das persoas falecidas na praia do Orzán na Coruña. A continuación pásase a tratar dos asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes

PUNTO 1º.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓN ANTERIORES (EXTRAORD. MESAS ELECTORAIS 24/10/2011, ORD. 25/11/2011 E EXTRAORD. 10/01/2012).

A señora Estévez Álvarez di que ten dúas mocións para presentar por vía de urxencia, e o señor Alcalde contesta que serán tratadas ó remate do punto de mocións.

En relación coas actas, a señora Estévez Álvarez non ten nada que dicir.

O señor Lomba Alonso quere facer dúas apreciacións: na páxina 58, no apartado de rogos e preguntas, os concelleiros do BNG solicitaron que constara en acta unha manifestación do señor Rodríguez González contra o señor Lomba Alonso; di que o BNG sentiuse insultado, e pide que conste tal descalificación. En relación coas respostas dadas nos Plenos, piden que cada vez que se conteste algunha pregunta mediante un escrito, que tal escrito conste no acta, sempre que as preguntas se fagan no plenario.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A señora Iglesias Ferreira tamén fai referencia ás preguntas feitas polo BNG o 25 de novembro, pois as respostas dadas por escrito non figuran no acta.

O señor Español Otero di que é obrigatorio incluír no acta a resposta ás preguntas que non se contestan verbalmente, e pide aclaración á Secretaria sobre este punto, contestando a Secretaria que as respostas que se remiten ós grupos en resposta ós seus escritos pasan por rexistro de saída e normalmente non figuran no acta, pero a partir de agora non ten inconveniente en incluír no acta o texto dos escritos que se remitan.

Sometida a votación a **acta de 24/10/2011**, foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (quinze votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sr. Español Otero (unha abstención).

Sometida a votación a **acta de 25/11/2011**, coa corrección sinalada, foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (quinze votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sr. Lomba Baz (unha abstención).

Sometida a votación a **acta de 10/01/2012**, foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (deza e seis votos a favor).

PUNTO 2º.- DAR CONTA DECRETOS.

A señora Estévez Álvarez non intervéñ.

O señor Lomba Alonso dase por enteirado.

A señora Iglesias Ferreira dase por enteirada.

PUNTO 3º.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE INICIO DA CONTRATACIÓN E APROBACIÓN DOS PREGOS DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “POSTA EN VALOR DO CASTELO DE SANTA CRUZ”, OBXECTO DE FINANCIAMENTO DO 1% CULTURAL DO MINISTERIO DE FOMENTO.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O señor Alcalde da lectura da seguinte proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o expediente para adxudicar as obras de “POSTA EN VALOR DO CASTELO DE SANTA CRUZ NA GUARDA”, obxecto de financiamento do 1% cultural do Ministerio de Fomento, vista a memoria do concelleiro delegado en relación coas obras anteditas, vistos os informes de Secretaría e Intervención, e efectuado o replanteo da obra, pola presente propoño ó Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

1.- Levantar o reparo formulado pola Intervención municipal e inicia-la contratación por procedemento aberto, con carácter de urxencia, das obras de “POSTA EN VALOR DO CASTELO DE SANTA CRUZ NA GUARDA”, obxecto de financiamento do 1% cultural do Ministerio de Fomento, pola contía de 1.033.931,14 euros (IVE engadido), (un millón trinta e tres mil novecentos trinta e un euros e catorce céntimos), IVE ENGADIDO.

2.- Declarar a urxencia na tramitación da licitación, pola necesidade de cumprir os prazos de xustificación da subvención, pola proximidade da data de xustificación da primeira anualidade das obras, para no poñer en serio risco o cumprimento do Convenio, e polo incuestionable interese público da posta en valor do Castelo de Santa Cruz, para o seu uso e disfrute público e cidadán .

3.- A aprobación do expediente de contratación, así como do Prego de cláusulas administrativas-técnicas.

4.- Aprobar a seguinte distribución de gasto, para a realización plurianual das obras, excepciónando as mesmas da aplicación dos límites porcentuais, e das anualidades a que se refire o artigo 174.3 do do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais:

Finalidade	Posta en valor do Castelo de Santa Cruz na Guarda				TOTAL
Financiamento con cargo ó 1% cultural	<u>Ano 2011</u>	<u>Ano 2012</u>	<u>Ano 2013</u>	<u>Ano 2014</u>	775.448,36 EUROS
	155.089,67€	232.634,51€	232.634,51€	155.089,67€	
Aportación municipal	<u>Ano 2011</u>	<u>Ano 2012</u>	<u>Ano 2013</u>	<u>Ano 2014</u>	258.482,80 EUROS
	51.696,56€	77.544,84€	77.544,84€	51.696,56€	

5.- Aprobar o gasto correspondente a anualidade 2011, polo importe de 206.786,23 euros, con cargo á partida orzamentaria 2012/0/334/60900/01, co compromiso de consignación axeitada e suficiente nos próximos orzamentos para facer fronte ás obrigas derivadas do presente contrato.

6.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, aberto, de carácter urxente e ordenar a publicación dos anuncios correspondentes no BOP e no DOGA.

7.- Delegar no señor Alcalde do Concello da Guarda a facultade para dictar os acordos para requerir a presentación da garantía definitiva ó licitador que presente a oferta máis vantaxosa, así como o acordo de adxudicación definitiva, de acordo coa proposta da mesa de contratación, e facultar ó señor Alcalde para formalizar o contrato.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

*A Guarda, a 20 de xaneiro de 2012
O Alcalde,
ASDO.: José Manuel Domínguez Freitas”*

A señora Estévez Álvarez di que votarán a favor, veñen poñendo de manifesto o valor do Castelo de Santa Cruz en anteriores sesións.

Intervén o señor Lomba Alonso e se remite a un comentario que fixeron no Pleno de 10 de xaneiro, pois o BNG non vai poñer impedimento á obra, é moi importante para a vila. Pero hai uns feitos claros: no Pleno anterior puxo sobre a mesa que non entendían a urxencia do proceso, posto que o Convenio foi asinado o 1 de decembro e o asunto se leva a Pleno o 10 de xaneiro. Esa apreciación concorda co manifestado nos informes de Secretaría e Intervención; é difícil xustificar a urxencia, o Concello non puxo os medios para facelo. En relación coa cláusula 3ª dos pregos, se obriga á empresa a facer a obra en doce meses e se lle pagará en catro anos. Os informe de Secretaría e Intervención din que isto non é posible, posto que a lei prohíbe o pago aprazado enmascarado. Di que o BNG non vai poñer obstáculos, pero non vai votar a favor, porque entende que as cousas non se fan así, polo que se van abster.

A señora Iglesias Ferreira di que no Pleno anterior manifestaron que era importante traer este punto hoxe, pero hai unhas apreciacións da Intervención do Concello que non lles parecen menores, polo que non se van posicionar en contra, dado que o proxecto é fundamental, e non porán obstáculos, pero se van asbter.

Intervén o señor Español Otero e agracede a intervención do Partido Popular, pois ven que valora a importancia desta obra. Diríxese ó BNG e di que é certo que o Convenio foi asinado o 1 de decembro e non se trouxo ó Pleno ata o 10 de xaneiro. Explica que o Ministerio non produciu o ingreso ataa o 27 de decembro de 2011, e o equipo de goberno, cre que con bó criterio, considerou esperar ata ter a completa seguridade de que se ía ingresar a cantidade, ante un cambio no goberno do Estado. Esa foi a razón de non inicialo antes, independentemente de que o mes de decembro non é fácil a nivel de funcionariado, froito das lexítimas vacacións dos traballadores, pois aínda que lle consta o esforzo do departamento de Secretaría neste expediente, non querían iniciar a tramitación ata ter o procedemento perfectamente artellado. En relación co pago aprazado, non lle gustaron os informes de Secretaría e Intervención, segundo os que non deberían facer as cousas como se van facer, pero pregunta se alguén ten a fórmula para poder facelo, xa se fixo así noutras ocasións, e isto é o único que poden facer para non perder a subvención, porque doutra forma non se pode facer a obra. Esperan que a Xunta lles axude co que ten que soportar o Concello, os proxectos non se poden fraccionar, hai que sacalo en conxunto. Él non diría que hai trampa, senón que hai esta posibilidade, e en contra dos informes de Secretaría e Intervención, a obra é moi importante e non vai renunciar a ela.

O señor Lomba Alonso pensa que esa explicación se tiña que ter dado no Pleno de 10 de xaneiro, cando se iniciou o proceso, e a nivel político, pero non se xustificou nada, e non ten claro se hai cousas que poderían terse adiantado. En relación cos informes, di que hai tempo que non vía informes tan claros. Pregunta polas consecuencias de aprobar os pregos tal e como se presentan.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Intervén a Secretaria e di que os pregos serán obxecto de publicación no BOP e no DOGA e estarán expostos oito días para a formulación de posibles reclamacións. No caso de que existira unha reclamación en relación con este punto, a resolución, que correspondería ó Pleno do Concello, e dado que se trata dunha infracción do ordenamento xurídico, dende a Secretaría se recomendaría a anulación desta cláusula. Cuestión distinta é que non se presenten reclamacións, pois cando os licitadores presentan a súa oferta aceptan os pregos, e mentres non exista un acordo do Pleno de anulación dos mesmos, seguen vixentes e rexen o contrato.

O señor Español Otero di que non son os primeiros pregos neste sentido, pois os da Casa dos Alonsos son calcados.

A señora Iglesias Ferreira di que non vai entrar neste tema, o PP valora o traballo feito para conseguir o 1% cultural, e xa transmitiu ó equipo de goberno a súa disposición neste asunto, a abstención non supón que non os apoiem.

O señor Lomba Alonso aclara que él non se refería ós pregos, senón ós informes. Pide ó PP unha implicación por escrito, a eles se lles facilitou un escrito remitido polo señor Alcalde facendo a petición, pero entende que a voceira do PP debera facer un esforzo directo de cara a implicarse máis para conseguir fondos. Di que hai unha obriga moral do PP e do goberno galego, para liberar a carga do Concello e conseguir máis fondos dos que se dixeron. Pide un esforzo real.

O señor Español Otero di que os pregos anteriores ós que refería eran “*calcados*” a estes.

Intervén o señor Alcalde, que agradece a intervención da voceira do PP, e di que ten unha dúbida, pois se dirixiron á Consellería por escrito, e descoñece se houbo cambios no seu persoal, e se Rey Pichel segue sendo o Director de Patrimonio Cultural, posto que é él o que ten o compromiso. Se houbo cambios deberáin reiniciar os contactos.

A señora Iglesias Ferreira di que segue sendo a mesma persoa.

O señor Alcalde di que seguirán facendo xestións e agradecen o apoio. Di que se trata de subvencións importantes, a Casa dos Alonsos se rematou hai dous anos e se está pagando agora, as Administracións superiores obrigan a facer as cousa así, se cumpriran o que din os informes deberían renunciar á obra.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz , Vicente Baz, Crespo González, Castro González e Estévez Álvarez (nove votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso e García Díaz (sete abstencións).

PUNTO 4º.- MOCIÓNS:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

R.E. 7.528 de Convergencia Galega: Sobre o dereito á cobertura sanitaria de todos os españoles.

A señora Estévez Álvarez da conta da seguinte moción:

“Quen abaixo suscribe, BEATRIZ ESTEVEZ ALVAREZ, portavoz deste Grupo Municipal, e con domicilio a efectos de comunicación na rúa Ramón Sobrino, 8-baixo,

Según se desprende da Orde da Consellería de Sanidade da Xunta do pasado día 5 de setembro deste ano, a actualización para o recoñecimento do dereito á asistencia sanitaria por parte das persoas sen recursos económicos suficientes ou daquelas que se encontran en situación de desemprego, ten creado tal disparidade informativa que está a provocar carencias no servizo da sanidade pública que se converte na exclusión temporal o acceso a servizos médicos e farmacolóxicos.

Nestes momentos, mais de 5.000 miñotos en situación de desemprego de longa duración debido a distintos trámites burocráticos, atópanse ca súa tarxeta sanitaria bloqueada e desaparecen o seu acceso libre o acceso sanitario namentras se tramita o expediente correspondente, e atopándose que teñen que abonar o importe do servizo según o baremo establecido no Decreto 209/2011 do 27 de outubro.

Tendo en conta que a sanidade é un servizo universal e gratuito o temos (ou deberíamos ter) dereito todos cidadanía sen excepcións (ou así o promulga a Constitución), Art. 41 Os poderes públicos, manieran un réxime público de Seguridade Social para tódolos cidadáns que GARANTE a asistencia e prestacións sociais SUFICIENTES ante situacións de NECESIDADE, especialmente en caso de DESEMPREGO, e

Polo que dende CONVERXENCIA GALEGA presenta para o seu debate e aprobación, a seguinte

MOCIÓN

Solicitamos das Administracións Central e Autonómica a que leven a cabo as modificacións necesarias ñas normativas actuáis para asegurar que ningún ciudadano quede sen cobertura sanitaria e ésta sexo garantizada como un dereito de tódolos españoles.

A Guarda, a 12 de Decembro do 2.011

Beatriz Estevez Alvarez

Sr. Alcalde-presidente do CONCELLO DE A GUARDA”

Intervén a señora García Díaz e di que están de acordo coa moción, pero piden a Convergencia Galega que a retire, pois xa se presentou unha polo BNG, se debatiu, se votou e foi aprobada, dándose traslado ás instancias pertinentes. Di que non ten sentido.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A señora Estévez Álvarez di que o BNG presentou a moción por vía de urxencia e pedía que se retirara a Orde da Xunta o dereito de acceso á asistencia sanitaria. A moción que se presenta o que pide é que o Estado e a Xunta cumbran a Constitución.

A señora Iglesias Ferreira di que a moción xa foi tratada, os puntos significan o mesmo, piden que se retire por ser extemporánea.

A señora Estévez Álvarez di que non se retira.

Sometida a votación a moción foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz , Vicente Baz, Crespo González, Castro González e Estévez Álvarez (nove votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso e García Díaz (sete abstencións).

R.E. 158 de Convergencia Galega: Sobre o Real Decreto 4/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no Ámbito da Administración Electrónica.

A señora Estévez Álvarez da conta da seguinte moción:

“En virtude do desposto no artigo 97.2 do vixente Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locáis, para a súa aprobación se procede a seguinte **MOCIÓN** :

Os concellos deben outorgar gran importancia a participación activa dos/as cidadáns tendo en conta as súas ideas, suxerencias, apoio material e impulso creativo.

Os concellos deben modernizarse empreñando tecnoloxías innovadoras, accesibles e abertas, que permitan unha transparencia total. Este Concello, como todos, ten unha gran cantidade de datos, cuio valor poderla estenderse enormemente se foran accesibles do modo máis libre posible dentro do concepto de datos abertos (open data)

A Lei Orgánica de Protección de Datos, así como a jurisprudencia relevante, normalizan perfectamente a publicación activa online de información e datos reusables e a Comisión Europea promove moi activamente e actúa dacordo a esta norma nos estados membros.

O acceso público dos datos a través da web mellora a comunicación coa cidadanía, reforza a imaxe do Concello respecto a creatividade, innovación e mellora dos servizos públicos, permitindo as persoas organizarse, derivando nunha participación máis intensa e cohesión social.

A disposición dos datos baixo licenza permite a cidadanía empregar estes datos para propósitos diversos, oí contribuíndo desta maneira a actividades económicas, xeradoras de emprego e sostibles. A publicación on-line activa de todos estes datos aporta un impulso



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

positivo, innovador e constructivo a tódalas áreas da política municipal.

Por todo isto, dende o **Grupo Municipal de Convergencia Galega**, instamos ao Pleno do Concello de A Guarda a adopción dos seguintes **ACORDOS**

Primeiro.- Que o Concello comparta eos cidadáns, e, outras administración públicas, tódolos datos que sexan posible, maniendo a protección de datos persoais e de seguridade, en forma reusable e lexible automaticamente e accesible baixo modelos estándares abertos, segundo obriga o Real Decreto 4/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración Electrónica.

Segundo.- Que se realice un plan de acción concreto que conteña:

1º.- A publicación inmediata de tódolos datos do Concello baixo formatos abertos, segundo o establecido no Real Decreto 4/2010 antes mencionado e cunha licencia que permita o seu libre acceso e uso a cidadanía.

2º.- A indexación destes datos, e a súa publicación en modo reusable, empregando estándares, interfaces e formatos abertos, facilitando así a búsqueda no contido publicado.

3º.- A garantía de que os datos recabados por terceiras partes para o Concello (contratas, asesores externos, etc.) se aporten sen limitación de licencia, en formatos e estándares abertos e sen restricións de copyright, salvo que sexa imprescindible por mor doutros requisitos legais.

4º.- A publicación de tódolos datos nunha sección específica da web do concello, comenzando por aqueles nos que non pesen cuestións legais obvias, para que se poida realizar con gran facilidade e coa infraestrutura técnica disponible actualmente.

5º.- Que os primeiros datos publicados sexan a relación de obras, contratas e ofertas de emprego adjudicadas polo Concello, así como a Orde do Día, as Actas dos Plenos, as Mocións presentadas polos Grupos Municipais, de xeito que estes datos sexan accesibles ao público.

6º.- Que se xenere unha lista eos datos que estarán disponibles para a súa consulta.

Beatriz Estevez Alvarez

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de A Guarda”

A señora Estévez Álvarez di que na Comisión de Asuntos Plenarios a Secretaria dixo que faría unha consulta sobre a aplicación desta normativa no Concello da Guarda, parece ser que non ten aplicación dado que non contamos con Administración electrónica. Accederon á web municipal, están as actas dos Plenos, en materia de contratación só están as adjudicacións provisionais ata o ano 2010. Eles cren que todos os cidadáns teñen dereito a ter acceso ós datos, piden que a web estea actualizada, e que no caso das licenzas se estableza un enlace co DOGA. Se se vai actualizar, retirará a moción, senón a presentarán doutro xeito.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O señor Alcalde di que haberá cousas que hai que ir perfeccionando, o perfil do contratante é unha obriga por lei, pero teñen os medios materiais e humanos que teñen, se seguerá perfeccionando.

Intervén a Secretaria para aclarar que as adxudicacións provisionais en materia de contratación desapareceron da lei, por iso non se recollen no perfil, xa non existen.

A moción queda retirada.

R.E. 294 do BNG: Contra a suba do Imposto de Bens Inmóbeis decidida polo Goberno do Estado.

(Sae o señor Español Otero, 20:45 horas).

O señor Lomba Alonso da conta da seguinte moción:

“MOCIÓN CONTRA A SUBA DO IMPOSTO DE BENS INMÓBEIS (IBI) DECIDIDA POLO GOBERNO DO ESTADO.

1-Exposición de motivos:

O Goberno Central vén de aprobar o Real Decreto-Lei 20/2011. de medidas urxentes en materia orzamentaria, que inclúe o incremento do Imposto de Bens Inmóbeis de Natureza Urbana (IBI).

Neste RDL, o Goberno Central do PP impon unha suba dos tipos de grávame do IBI, que non poderá ser inferior a 0,50 no 2012 e a 0,60 no 2013. E varía entre o 10%, 6% e 4%, en función da antigüidade da revisión catastral -antes de 2002 (10%). entre 2002 e 2004 (6%), e entre 2008 e 2011 (4%). Este incremento vai afectar gravemente aos concellos galegos, xa que son máis do 70% os concellos de Galiza que fixeron a súa última valoración catastral antes de 2002. En todos estes concellos, o incremento será do 10% do imposto e afectará á totalidade dos inmóbeis de uso residencial. Ademais haberá máis de 100 concellos nos que a suba suporá nos recibos do IBI un incremento do 50% en dous anos, xa que están aplicando o tipo mínimo fixado pola lei, e agora obrígaselles desde o Goberno Central a que o tipo non sexa inferior a 0,50 en 2012 e 0.60 en 2013.

A medida do goberno do PP no Estado vén botar por terra as previsións que adoptaron os concellos antes do 1 de xaneiro, en canto á actualización de taxas e impostos, que se fixeron tendo en conta a situación económica municipal e dos seus habitantes, que agora venen a sufrir este ano e o próximo unha nova e forte suba de impostos. acumulándose o incremento aprobado polo Goberno Central aos incrementos aprobados por moitos concellos para 2012.

Isto supón indubidabelmente un ataque frontal á autonomía local, por ser os concellos os que teñen a posibilidade de fixar os tipos impositivos do IBI. vendóse abocados a un incremento que vai repercutir gravemente na economía das familias e constituíndo unha medida do PP desde o goberno do Estado que despreza a competencia municipal de poder utilizar os seus mecanismos tributarios para xerar os ingresos necesarios para o correcto equilibrio das súas finanzas.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A medida adoptada polo goberno do Estado resulta, ademais de invasora das competencias locais, inoportuna e escapista das súas responsabilidades, porque escapa á necesidade dunha reforma urxente do financiamento local para incrementar a contía de participación nos ingresos do Estado (PIE) por parte dos concellos galegos, integrándoa plenamente nos orzamentos da Xunta de Caliza e aplicando criterios de reparto que teña en conta o maior custe dos servizos en Galiza. derivado da dispersión poboacional e do envellecemento dos habitantes do noso país.

Pero, tamén, fronte a esta medida tan inxusta do Goberno Central, xunto co incremento da PIE e o recoñecemento de criterios específicos para Galiza, existe a alternativa de aumentar a capacidade financeira dos concellos coa cesión de novos tributos, dotar de maior eficacia á loita contra a fraude fiscal e por preservar que os concellos poidan decidir sobre os seus propios instrumentos tributarios para equilibrar os seus orzamentos. coa debida corresponsabilidade fiscal.

Diante desta grave medida que obriga a un incremento impositivo que prexudicará á cidadanía, cun grave impacto ñas economías domésticas e que invade as competencias municipais. correspóndelle ao Goberno galego actuar para preservar a autonomía dos concellos galegos. e non optar polo silencio cómplice diante da inxusta imposición do Goberno Central.

2- Por todo isto o BNG ven a pedir para que se adoite o seguinte ACORDO

1. Manifestar o rexeitamento ao incremento do tipo de grávame do IBI que figura no RDL 20/2011 por se tratar dunha medida absolutamente inxusta que invade as competencias dos concellos e obriga a unha política impositiva onerosa para as economías da cidadanía.

2. Instar ao Goberno Central á retirada do incremento do IBI fixado polo RDL 20/2011.

3. Solicitar do Presidente da Xunta de Caliza a:

a. Instar do Goberno do Estado á retirada do incremento do IBI fixado no RDL 20/2011.

b. Instar do Goberno do Estado a proceder a unha reforma urxente do financiamento local, de tal xeito que se incremente a contía de participación nos ingresos do Estado por parte dos concellos e dita participación se integre plenamente nos orzamentos da Xunta de Caliza. Tendo en conta nos criterios de reparto o maior custe dos servizos no noso país, derivado da dispersión poboacional e do envellecemento da mesma.

c. Impulsar un Plan de Financiamento Local coa cesión de novos tributos e capacidade normativa sobre os mesmos, así como medidas para a mellora efectiva da loita contra a fraude fiscal.

4. Dar traslado deste acordó ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e portavocías dos grupos parlamentares do Parlamento galego.

Xan Lois Lomba Alonso
Portavoz municipal do BNG



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A Guarda 21 de xaneiro de 2012”

(Regresa o señor Español Otero, 20:45 horas).

O señor Lomba Alonso explica que a moción é un relatorio de motivos polos cales debería retirarse un Real Decreto Lei que vai xerar máis perxucios que beneficios, sobre todo porque é contradictorio cos discursos da precampaña, nos que dicían que non se subirían os impostos, e cando un chega á Presidencia do Goberno español, fai todo o que dixo que non ía facer.

A señora Estévez Álvarez di que no Pleno de setembro o BNG presentou una moción parecida, só que era da Xunta, e nesa se abstiveron, pero neste caso votarán a favor da moción, porque están en contra da medida. Pide que no punto catro da moción se engada a remisión a todos os grupos do Parlamento español.

O señor Lomba Alonso acepta a enmenda.

Intervén a señora Iglesias Ferreira e di que ten dúbidas, posto que no Pleno anterior se aprobou o incremento das taxas por aplicación do IPC nas Ordenanzas de auga, lixo ou vados, e nese momento se dixo que era necesario para as arcas municipais, gravando así a todos os vecinos, e agora o BNG non apoia a suba do IBI, que é íntegramente destinado a mellorar o financiamento do propio Concello. Di que o IBI afecta á propiedade e non ós servizos, repercute en beneficio dos Concellos, e non entenden a postura do BNG.

A señora Magallanes Álvarez di que o equipo de goberno vai votar a favor da moción, por dúas razóns: o que se trata por parte do goberno central é unha imposición ós Concellos, e é certo que se trouxeron moitas mocións para tratar de mellorar o financiamento dos Concellos, o Plan E mellorou estes aspectos, posto que dunha banda se fixeron obras e se dotou de servizos ós municipios, e doutra banda, se fomentou a contratación de desempregados. Pero neste caso hai unha imposición do goberno central da subida dun imposto que afectará a familias que se atopan nunha situación delicada, se poñen en perigo moitas situacións familiares. Se están minorando as subvencións ós Concellos, no caso da Guarda, no Conservatorio ou na Escola Infantil, e esa é a dobre moral do PP, porque se suben os impostos ós veciños para “ mellorar a financiación dos Concellos”, para que obrigatoriamente se grave ós veciños. Aclara que o incremento do IPC é unha adecuación, non unha suba. Di que é necesaria unha mellora do financiamento local, pero non nese sentido.

O señor Lomba Alonso di que eles motivan a razón dos acordos, non se puxo ningún en cuestión. Diríxese á señora Iglesias Ferreira e di que non admite que diga que o BNG apoia unha suba de impostos, cando no caso das Ordenanzas se trata dunha adecuación ó IPC, e cando ela chegou a pedir a rebaixa das taxas municipais sen pensar en que se poñían en perigo os servizos, sendo unha petición apoiada por algunhas Asociacións. Non se pode falar de non subir impostos e despois subilos obrigando ós Concellos, que teñen a súa propia autonomía. Pide que digan unha soa medida adoptada contra o fraude fiscal, pois o diñeiro non desaparece, vai dun lado a outro. Hai persoas que van estar afectadas por esta medida e están en paro. Cre que a señora Iglesias Ferreira non aportou argumentos contra a moción, a actualización de acordo co IPC é, cando menos, para asegurar o servizo, pois calquera outra



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

suba sería discutida polo BNG, e pregunta á voceira do PP qué opinión ten agora sobre o canon de auga.

A señora Iglesias Ferreira di que esta norma está motivada na situación actual de grave crise económica, e non vulnera, senón que reforza a autonomía local, contribuindo a suficiencia das facendas locais nun momento caracterizado pola diminución de ingresos e o incremento dos custes que deben soportar os Concellos. Di que o BNG, nun mesmo escrito, dunha banda pide un plan de mellora do financiamento local e doutra banda, non apoia medidas que aportan liquidez ás facendas locais. Esta medida tamén é unha actualización, ela nunca falou de rebaixa de impostos e taxas, senón de conxelación, que cre que así se fixo nalgún momento na lexislatura anterior.

A señora Magallanes Álvarez di que a mellora da financiación municipal terá que tratarse, pero isto é unha imposición da suba dun imposto, o goberno central non aporta fondos ou medios de financiación, e di que por un lado fan transferencias á Comunidade Valenciana, e por outro aproban unha suba inxusta de impostos que recae sobre os Concellos, que son os que teñen que gravar ós veciños, polo que hai unha falta de valentía por parte do goberno central. Non se pode confundir á xente, a suba recaerá sobre familias en situación delicada, non é o mesmo que a actualización do IPC.

A señora Iglesias Ferreira di que están de acordo co punto 3º.b) da moción, e se votarán a moción por apartados, ese punto o apoiarían, pero se votan en conxunto, votarán en contra.

O señor Lomba Alonso di que a moción ten sentido no seu conxunto. Di que o PP é experto en crear leis e meter impostos para que os xestionen outras Administracións, igual que sucedeu o canon do auga. Pide que o Estado sexa valente e o fagan eles, e di que o acordo se votará tal como está, non por puntos.

A moción quedaría redactada como segue:

“MOCIÓN CONTRA A SUBA DO IMPOSTO DE BENS INMÓBEIS (IBI) DECIDIDA POLO GOBERNÓ DO ESTADO

1-Exposición de motivos:

O Goberno Central vén de aprobar o Real Decreto-Lei 20/2011. de medidas urxentes en materia orzamentaria, que inclúe o incremento do Imposto de Bens Inmóbeis de Natureza Urbana (IBI).

Neste RDL, o Governó Central do PP impon unha suba dos tipos de grávame do IBI, que non poderá ser inferior a 0,50 no 2012 e a 0,60 no 2013. E varía entre o 10%, 6% e 4%, en función da antigüidade da revisión catastral -antes de 2002 (10%). entre 2002 e 2004 (6%), e entre 2008 e 2011 (4%). Este incremento vai afectar gravemente aos concellos galegos, xa que son máis do 70% os concellos de Galiza que fixeron a súa última valoración catastral antes de 2002. En todos estes concellos, o incremento será do 10% do imposto e afectará á totalidade dos inmóbeis de uso residencial. Ademais haberá máis de 100 concellos nos que a suba suporá nos recibos do IBI un incremento do 50% en dous anos, xa que están aplicando o tipo



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

mínimo fixado pola lei, e agora obrígaselles desde o Goberno Central a que o tipo non sexa inferior a 0,50 en 2012 e 0.60 en 2013.

A medida do goberno do PP no Estado vén botar por terra as previsións que adoptaron os concellos antes do 1 de xaneiro, en canto á actualización de taxas e impostos, que se fixeron tendo en conta a situación económica municipal e dos seus habitantes, que agora venen a sufrir este ano e o próximo unha nova e forte suba de impostos. acumulándose o incremento aprobado polo Goberno Central aos incrementos aprobados por moitos concellos para 2012.

Isto supón indubidabelmente un ataque frontal á autonomía local, por ser os concellos os que teñen a posibilidade de fixar os tipos impositivos do IBI. vendóse abocados a un incremento que vai repercutir gravemente na economía das familias e constituíndo unha medida do PP desde o goberno do Estado que despreza a competencia municipal de poder utilizar os seus mecanismos tributarios para xerar os ingresos necesarios para o correcto equilibrio das súas finanzas.

A medida adoptada polo goberno do Estado resulta, ademais de invasora das competencias locais, inoportuna e escapista das súas responsabilidades, porque escapa á necesidade dunha reforma urxente do financiamento local para incrementar a contía de participación nos ingresos do Estado (PIE) por parte dos concellos galegos, integrándoa plenamente nos orzamentos da Xunta de Caliza e aplicando criterios de reparto que teña en conta o maior custe dos servizos en Galiza. derivado da dispersión poboacional e do envellecemento dos habitantes do noso país.

Pero, tamén, fronte a esta medida tan inxusta do Goberno Central, xunto co incremento da PIE e o recoñecemento de criterios específicos para Galiza, existe a alternativa de aumentar a capacidade financeira dos concellos coa cesión de novos tributos, dotar de maior eficacia á loita contra a fraude fiscal e por preservar que os concellos poidan decidir sobre os seus propios instrumentos tributarios para equilibrar os seus orzamentos. coa debida corresponsabilidade fiscal.

Diante desta grave medida que obriga a un incremento impositivo que prexudicará á cidadanía, cun grave impacto nas economías domésticas e que invade as competencias municipais. correspóndelle ao Goberno galego actuar para preservar a autonomía dos concellos galegos. e non optar polo silencio cómplice diante da inxusta imposición do Goberno Central.

2- Por todo isto o BNG ven a pedir para que se adoite o seguinte ACORDO

1. Manifestar o rexeitamento ao incremento do tipo de grávame do IBI que figura no RDL 20/2011 por se tratar dunha medida absolutamente inxusta que invade as competencias dos concellos e obriga a unha política impositiva onerosa para as economías da cidadanía.

2. Instar ao Goberno Central á retirada do incremento do IBI fixado polo RDL 20/2011.

3. Solicitar do Presidente da Xunta de Galiza a:

a. Instar do Goberno do Estado á retirada do incremento do IBI fixado no RDL 20/2011.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

b. Instar do Goberno do Estado a proceder a unha reforma urxente do financiamento local, de tal xeito que se incremente a contía de participación nos ingresos do Estado por parte dos concellos e dita participación se integre plenamente nos orzamentos da Xunta de Caliza. Tendo en conta nos criterios de reparto o maior custe dos servizos no noso país, derivado da dispersión poboacional e do envellecemento da mesma.

c. Impulsar un Plan de Financiamento Local coa cesión de novos tributos e capacidade normativa sobre os mesmos, así como medidas para a mellora efectiva da loita contra a fraude fiscal.

4. Dar traslado deste acordó ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e portavocías dos grupos parlamentares do Parlamento galego, e ós grupos do Parlamento español.

Xan Lois Lomba Alonso
Portavoz municipal do BNG
A Guarda 21 de xaneiro de 2012"

Sometida a votación a moción foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz , Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (once votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago e Pazos Lomba (cinco votos en contra).

MOCIÓNS DE URXENCIA:

R.E. 224 "Quen abaixo suscribe, BEATRIZ ESTEVEZ ALVAREZ, portavoz deste Grupo Municipal, e con domicilio a efectos de comunicación na rúa Ramón Sobrino, 8-baixo,

EXPON:

Que unha das maiores dificultades que teñen os vecinos e visitantes que precisan levar a cabo xestións na Casa do Concello, e a imposibilidade material de dispor dun sitio donde aparcar o seu vehículo.

Que unha das obrigas dos Gobernos Municipais, é facilitar a xestión e atención a tódolos que precisan levar a cabo trámites no Concello.

Nalgunhas rúas da nosa localidade donde a afluencia de comercio e institucións bancadas, fai preciso espazo para que poidan levar a cabo as súas xestións os vecinos e por elo, dende o Concello se sinalaron diversas ZONAS AZUIS para garantir a rotación ñas poucas prazas existentes e permitir o estacionamento naquelas zonas máis concurridas.

Por iso é necesario a declaración e sinalización de ZONA AZUL para racionalizar os espazos existentes e en horario de funcionamento municipal (de 8 a 15 horas de lúns a



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

venres) a Praza do Reló.

Dende CONVERXENCIA GALEGA, vimos a presentar para o seu debate e aprobación se procede a proposta de que a fin de facilitar a afluencia as dependencias municipais, se proceda a sinalización da Praza do Reló como ZONA AZUL nos horarios de funcionamento do Concello, reservando dúas prazas de permanentes para o vehículo do Sr. Alcalde e da Policía Local.

A Guarda, a 12 de xaneiro de 2.012

Beatriz Estevez Alvarez

Sr. Alcalde-Presidente do CONCELLO DE A GUARDA”

A señora Estévez Álvarez di que este escrito non se incluiu como moción na Comisión de Asuntos Plenarios porque non se identificaba como tal, se tratou dun formalismo, xa falou coa Secretaria.

O señor Alcalde insta a que se xustifique a urxencia da moción.

A señora Estévez Álvarez di que os veciños que veñen á Praza do Reló teñen que aparcar lonxe para vir a facer trámites breves ó Concello, polo que é importante a zona azul.

O señor Lomba Alonso di que non ten inconveniente en votar a urxencia.

A señora Iglesias Ferreira di que apoian a urxencia, pero pensan que non é urxente, podería terse presentado en Asuntos Plenarios, contestando a señora Estévez Álvarez que non foi incluída na carpeta pola súa forma, pois non se entendeu que era una moción, pero se presentou con tempo suficiente.

O señor Alcalde di que apoiarán a urxencia.

Sometida a votación a **urxencia da moción** foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR**: Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezaséis votos a favor).

A señora García Díaz di que, estando de acordo coa moción, e a risco de parecer pesados, o BNG xa solicitou a elaboración dun Plan de Tráfico integral, que debería contemplar este punto. Destaca que no seu momento, a concelleira de Convergencia Galega se manifestou en contra da elaboración de tal Plan, por problemas orzamentarios, e agora presenta esta moción, polo que hai unha falta de coherencia nas súas actuacións, se ben o BNG vai votar a favor.

O señor Fontenla Martínez di que se van abster. O asunto debера ser tratado no seu conxunto cun Plan de tráfico que se lles prometeu, non poden estar facendo “apaños”, e pide que se poñan en funcionamento cousas que despois poidan ser controlables.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Intervén o señor Español Otero e di que él non recorda haber prometido un Plan de Tráfico, contestando o señor Fontenla Martínez que a él non, pero si a Convergencia Galega.

O señor Español Otero di que queren ser rigurosos, e a última hora da mañán fixeron unha consulta coa Secretaria, que lles informou que de adoptarse neste sentido o acordo sería nulo, por non ser un asunto competencia do Pleno, polo que dado que comparten o fondo da moción, pide a Convergencia Galega que o apartado resolutivo sexa nos seguintes termos: “*instar ó Alcalde a que estudie a posibilidade de sinalizar a Praza do Reló como zona azul nos horarios de funcionamento do Concello*”. Explica que hai unha Ordenanza Municipal, e non queren exceder o horario e obrigar a modificar a Ordenanza.

A señora Estévez Álvarez di que está de acordo, en ningún momento se opón ó Plan de tráfico, pero daquela, co prazo que se puxo, se non había orzamento, non lle parecía axeitado. Esta é unha suxerencia de Convergencia galega, non hai que mirar se hai ou non orzamento, os concelleiros non teñen sitio para aparcar cando teñen que facer xestións, e se poñen zona azul, xa non son só os concelleiros, senón todos os veciños os que teñen dereito a aparcar nesta zona.

O señor Fontenla Martínez di que é unha pena que o GMS puidera facer xestións para averiguar se esta moción era ou non competencia do Pleno, cando despois se trae por urxencia e non se lles pasara antes ós restantes grupos.

O señor Español Otero di que algunha *prebenda* tiña que ter o equipo de goberno.

A moción, coa modificación proposta, quedaría redactada como segue:

“Quen abaixo suscribe, BEATRIZ ESTEVEZ ALVAREZ, portavoz deste Grupo Municipal, e con domicilio a efectos de comunicación na rúa Ramón Sobrino, 8-baixo,

EXPON:

Que unha das maiores dificultades que teñen os vecinos e visitantes que precisan levar a cabo xestións na Casa do Concello, e a imposibilidade material de dispor dun sitio donde aparcar o seu vehículo.

Que unha das obrigas dos Gobernos Municipais, é facilitar a xestión e atención a tódolos que precisan levar a cabo trámites no Concello.

Nalgunhas rúas da nosa localidade donde a afluencia de comercio e institucións bancadas, fai preciso espazo para que poidan levar a cabo as súas xestións os vecinos e por elo, dende o Concello se sinalaron diversas ZONAS AZUIS para garantir a rotación ñas poucas prazas existentes e permitir o estacionamento naquelas zonas máis concurridas.

Por iso é necesario a declaración e sinalización de ZONA AZUL para racionalizar os espazos existentes e en horario de funcionamento municipal (de 8 a 15 horas de lúns a venres) a Praza do Reló.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Dende CONVERXENCIA GALEGA, vimos a presentar para o seu debate e aprobación se procede a proposta de que a fin de facilitar a afluencia as dependencias municipais, instar ó Alcalde a que estudie a posibilidade de sinalizar a Praza do Reló como zona azul nos horarios de funcionamento do Concello”

Sometida a votación a moción foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (once votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago e Pazos Lomba (cinco abstencións).

R.E. 7382 e R.E. 217: CONVERXENCIA GALEGA.

“Moción para a criar un Consortio Local entre os Concellos da Guarda, Oía e Rosal para a xestión conxunta e coordinada do servizo de emerxencias e intervencións rápidas para os tres concellos; así como a elaboración dos Plans Municipais de prevención de incendios forestais e os Plans Municipais de Emerxencias.

A "Asociación Vecinal pro Unificación Municipal: Concello da Foz do Miño" tomando como referencia legal o Artigo 103º, 1 da Constitución de 1.978 que di: "A Administración Pública serve con obxetividade ós intereses xerais e actúa de acordó cós principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á Lei e ó Dereito". Queremos propor ós Plenos dos Concellos da Guarda, Oia e Rosal a toma en consideración da seguinte proposta para criar un Consortio Local que xestione o servizo de emerxencias, intervencións rápidas e contraincendios dos tres concellos, dun xeito conxunto e coordinado.

Dado os tempos de crise que vivimos todos, faise necesario que os nosos Concellos tomando a referencia legal anterior, actúen con obxetividade polo ben de tódolos vecinos, por riba de intereses de partido ou localistas, buscando a maior eficacia dos escasos recursos monetarios das nosas facendas municipais, para coordinarse e cooperar entre todos para manter operativo os servizos que son necesarios para os nosos vecinos miñotos. Dende a "Asociación Vecinal pro Unificación Municipal: Concello da Foz do Miño" somos conscientes que a crise conleva que os orzamentos sexan menores, polo tanto debemos tratar de mante-lo servizos e coa mesma calidade pero con menos diñeiro, polo cal hai que maximiza-los escasos recursos disponibles, e a nosa proposta vai nesta dirección de facer máis con menos.

Entendemos que a prestación do servizo emerxencias e intervencións rápidas para extincións de incendios, axuda nos accidentes de tráfico, emerxencias,... é unha labor necesaria para a nosa sociedade, pero custosa para os nosos Concellos, tantos polos medios materiais, humanos e técnicos necesarios; para o mantemento deste servizo, mellora da dotación técnica, humana e operatividade é polo que vimos de presenta-la seguinte moción. A seguinte proposta que dende "Asociación Vecinal pro Unificación Municipal: Concello da Foz do Miño" propomos tenta manter e mellora-lo servizo hoxe existente, e que ó mesmo tempo este resulte algo menos graboso para as facendas municipais.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A seguridade pública é unha das competencias esenciais dos Concellos, a Lei 3/2.007 para a prevención dos incendios forestais en Galicia, fala do Plans Municipais para a prevención dos incendios forestais, así como dos Plans Municipais de Emerxencias,... Vai sendo hora de encher de contido isto.

Propomos a toma dos seguintes acordos ó Pleno da Corporación.

1º) En base ó artigo 149º, 1 A da Lei 5/1.997 da Administración Local de Galicia, propomos a creación dun Consorcio Local entre os Concellos da Guarda, Oia e O Rosal, para a xestión conxunta e coordinada dun servizo de emerxencias e intervencións rápidas que preste os seus servizos a estes tres concellos. Os tres Concellos anteriores aportarán persoal, material e medios técnicos necesarios para a operatividade do servizo de bombeiros.

2º) En base ó artigo 152º, A e B da Lei 5/1.997 da Administración Local de Galicia, propomos que os nosos Concellos soliciten da Xunta de Galicia a asistencia técnica e xurídica necesaria; pero sobre todo que fagan efectivo o apartado B do mesmo artigo, para a concesión de subvencións a fonfío perdido cara á constitución deste Consorcio Local, para a prestación dos seus servizos e para as obras que fagan falla.

3º) En base ó artigo 195º, e da Lei 5/1.997 da Administración Local de Galicia, propomos acadar unha axuda financeira continua por parte Xunta, polas características do servizo prestado e a súa utilidade pública e así sexa recollido no acordó de cooperación formalizado no convenio de creación do Consorcio Local.

4º) En base ó artigo 7º, A da Lei 3/2.007 da prevención de incendios forestais de Galicia, que se faga un Plan Municipal de prevención de incendios forestais e un Plan Municipal de Emerxencias, contando coas aportacións dos profesionais que xa temos e que teñan en conta a coordinación e cooperación municipal entre os tres concellos mencionados, para acadar unha maior eficacia e eficiencia do Consorcio Local proposto nos puntos anteriores..”

5º) Coordina-las actuacións do Consorcio Local do servizo de emerxencias e intervencións rápidas coas Comunidades de Montes en man común dos nosos Concellos nos supostos de incendios forestais, riadas,.....ou outras emerxencias que deriven en riscos para vida dos nosos veciños ou os seus bens.”

A señora Estévez Álvarez explica que esta moción lla deron porque sabían que habería un Pleno e una Comisión de Asuntos Plenarios, para que a defendera Convergencia Galega, cren que é importante porque agora mesmo a Xunta está vendendo que é importante que se mancomunen os servizos, e esta sería una boa medida para que os Concellos da Guarda, Oia e O Rosal coordinaran este servizo, dado que hoxe en día estes gastos só os asume o Concello da Guarda.

A Secretaria recorda que deben votar primeiro a urxencia.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O señor Alcalde di que, por unha cuestión de orde, debe advertir que o acordo require informe preceptivo da Secretaria, porque a creación dun Consorcio require o quorum da maioría absoluta, e di que eles sempre estiveron de acordo en buscar unha figura deste tipo. Pero antes incluso de debatir a urxencia, entende que deben deixalo para un momento posterior.

A señora Estévez Álvarez di que non ten inconveniente, sempre que se pida ese informe e se someta a debate no próximo Pleno.

O señor Alcalde di que ademáis deberían contactar co resto de Concellos aludidos e solicitar a emisión de informe por parte da Secretaria, para sometelo ó seguinte Pleno.

PUNTO 5º.- ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS E PREGUNTAS DE CONVERXENCIA GALEGA:

A señora Estévez Álvarez fai os seguintes rogos e preguntas:

1.- Quere mostrar a súa felicitación á señora Ana Pastor polo seu nomeamento como Ministra de Fomento e diríxese á señora Iglesias Ferreira para que lle recorde o seu compromiso co ferri.

A señora Iglesias Ferreira di que os rogos e preguntas son para o equipo de goberno.

2.- Pregunta se van a poñer os bancos da carretera do Castro.

O señor Español Otero di que contestarán todas as preguntas por escrito.

3.- Roga que se revisen as farolas, pois caeu unha na porta da Igrexa polo vento.

ROGOS E PREGUNTAS DO BNG:

O señor Lomba Alonso fai os seguintes rogos e preguntas:

1.- O BNG presentou o 10 de xaneiro un escrito referido a unha tala no Monte Trega, e reproduce as preguntas feitas no mesmo: Son vostedes coñecedores da tala de árbores que se está a realizar no monte Trega?; Cales son as condicións nas que se está a realizar dita tala?; Contan cos permisos pertinentes para a súa realización?; Contan con permiso de Patrimonio?; que medidas se están a tomar para impedir o deterioro dos castros por parte do Concello?

Di que a desfeita é palpable, e hai unha responsabilidade do equipo de goberno por velar do patrimonio, cre que hai escritos que ó equipo de goberno lles custa contestar.

O señor Español Otero di que contestarán todas as preguntas por escrito.

2.- Hai preocupantes noticias sobre o incremento das taxas das Escolas Infantiles, e pregunta se o equipo de goberno vai facer o mesmo; gustaríalle unha contestación agora.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O señor Español Otero di que será mellor darlle unha resposta razoada e documentada, o fará por escrito.

O señor Lomba Alonso di que lle preocupa que unha pregunta tan sinxela non se conteste.

3.- Levan un mes sen orzamento, e pregunta cándo pensan traelos a Pleno, os motivos de non traelos, pois un ano máis están fora de prazo. Quere saber os motivos do retraso.

4.- Pregunta polo procedemento de apertura de Inguieiros, polos ríos de tinta que correron os últimos anos respecto deste vial.

O señor Lomba Alonso di que ante a actitude do equipo de goberno non vai facer máis preguntas.

ROGOS E PREGUNTAS DO PP:

O señora Fontenla Martínez fai os seguinte rogos e preguntas:

1.- Di que na zona do Couto falta luz.

2.- Pregunta polos bancos na zona de Salcidos.

3.- Na zona de Pintán se fixo unha actuación nun borde, adecentándoo, e di que ahí zonas nesa rúa que tamén precisan actuacións.

4.- Solicita ter acceso ás grabacións das sesións plenarias.

O señor Español Otero di que non cre que a Secretaria teña inconveniente en outorgar o acceso ás mesmas, e a Secretaria di que non, pero advirte que non se trata dun sistema de grabación oficial, senón que ela graba as sesións cos seus propios medios materiais, como apoio ó seu traballo e non se responsabiliza da calidade das grabacións nin de que algún día non se graben.

O señor Fontenla Martínez roga que por parte do Concello se lle faciliten tales medios á Secretaria.

Intervén o señor Español Otero aclara que él non dixo que non ían contestar as preguntas, senón que o farían por escrito, pois é unha posibilidade que ten o equipo de goberno.

O señor Lomba Alonso di que como grupo da oposición, lle interesaría que se contestaran aquí, e pregunta se será o que farán a partir de agora.

O señor Español Otero di que dende o inicio do punto do orde do día dixo que contestaría a todo por escrito, polo que será o que fagan.

A señora Vicente Santiago fai os seguinte rogos e preguntas :



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

1.- Di que as farolas de cemento de Camposancos seguen sen arranxar, pregunta se fixeron algún trámite.

2.- Pregunta pola viabilidade de contemplar prazas para discapacitados en Brasilino Álvarez, explica que non é por interese particular, senón que diante da Farmacia de Carlos hai unha persoa que copa o lugar permanentemente.

3.- Hai veciños de Camposancos na zona da Igrexa ós que non lles funciona a TDT.

4.- Pregunta polo empadramento en Salcidos de xente que é de Camposancos.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinteunha horas e corenta minutos o Sr. Presidente levanta a sesión, de todo o que eu, como Secretaria, dou fe.

Visto e Prace
O Alcalde - Presidente,

A Secretaria,

José Manuel Domínguez Freitas

Julia María Carrasco González-Alegre

ANEXO RESPOSTAS PREGUNTAS

CONVERXENCIA GALEGA

Pregunta nº 2. Pregunta se van a poñer os bancos da carretera do Castro: Xa están colocados os asentos en varios puntos desa estrada.

Pregunta nº 3. Roga que se revisen as farolas, pois caeu unha na porta da Igrexa polo vento: Estanse a revisar en todo o Concello posto que somos coñecedores deste feito. Ademais estamos en contacto coa empresa suministradora das farolas instaladas en varias rúas (Concepción Arenal, Pacífico Rodríguez etc.) onde xa foron repostos varios elementos defectuosos das mesmas que están causando problemas deste tipo.

BNG

1.- O BNG presentou o 10 de xaneiro un escrito referido a unha tala no Monte Trega, e reproduce as preguntas feitas no mesmo: Son vostedes coñecedores da tala de árbores que se está a realizar no monte Trega?; Cales son as condicións nas que se está a realizar dita tala?; Contan cos permisos pertinentes para a súa realización?; Contan con permiso de Patrimonio?; Que medidas se están a tomar para impedir o deterioro dos castros por parte do Concello?.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

En canto tivemos coñecemento da tala e do “posible deterioro dos castros” puxémonos en contacto con Patrimonio que xa coñecía do asunto e incluso algún arqueólogo xa visitara a zona. Se de verdade hai un dano no patrimonio arqueolóxico deberá ser a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural quen adopte as decisións pertinentes.

2.- Hai preocupantes noticias sobre o incremento das taxas das Escolas Infantiles, e pregunta se o equipo de goberno vai facer o mesmo, gustaríalle unha contestación agora: Sufrimos a merma da subvención que nos da a Xunta co que iso supón de sacrificio para as arcas municipais. Coas dificultades que estamos a pasar, é intención do grupo de goberno iniciar trámites para traspasarlle á Xunta a Escola Municipal.

3.- Levan un mes sen orzamento, e pregunta cándo pensan traelos a Pleno, os motivos de non traelos, pois un ano máis están fora de prazo. Quere saber os motivos do retraso.: Non é certo que estivesemos un mes sin orzamentos, lembramoslles que os orzamentos prorroganse automaticamente. O resto das preguntas sobre este tema foron respostadas no pleno de aprobación dos orzamentos.

4.- Pregunta polo procedemento de apertura de Inguieiros, polos ríos de tinta que correron os últimos anos respecto deste vial.:No capítulo de inversións para o ano 2012 non houbo posibilidade de dotar esta obra nin ningunha outra que non foran aquelas para as que hai compromiso económico adquirido. Sabemos que é unha prioridade e terémolo en conta para o futuro.

PP

1.- Di que na zona do Couto falta luz. Diariamente se lle pasan ó electricista municipal recados dos veciños sobre deficiencias no alomeado que son subsanadas a maior brevidade. Neste caso agradecemos a súa información que, a pesar de non ser moi concreta, tamén foi trasladada ó electricista. Esperamos que a día de hoxe se atope reparado.

2.- Pregunta polos bancos na zona de Salcidos. En breve se reubicarán os bancos da praza de Salcidos posto que entendemos que o problema non é o número de bancos senón a súa ubicación.

3.- Na zona de Pintán se fixo unha actuación nun borde, adecentándoo, e di que ahí zonas nesa rúa que tamén precisan actuacións. Agradeceríamos nos concretase algo máis a súa pregunta. Non obstante, procuramos manter esa e outras estradas nas mellores condicións posibles, sempre dentro das posibilidades tanto humanos como económicas do Concello.

Preguntas da señora Vicente Santiago:

1.- Di que as farolas de cemento de Camposancos seguen sen arranxar, pregunta se fixeron algún trámite: As reformas producidas dentro de cemiterio imposibilitan a entrada do furgón municipal para reparar a avería. Polo tanto procedeuse a anular a citada farola e a instalar un novo punto de luz dende o exterior. Non descartamos a instalación de máis puntos de luz se así fose necesario.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

2.- Pregunta pola viabilidade de contemplar prazas para discapacitados en Brasilino Álvarez, explica que non é por interese particular, senón que diante da Farmacia de Carlos hai unha persoa que ocupa o lugar permanentemente: En canto a creación das novas prazas de minusvalidos terémos en conta a súa suxerencia, de feito a día de hoxe xa se delimitou algunha nova, tamén estudiaremos a posibilidade de regular o tempo de estacionamento nas mesmas sempre e cando a ordenanza o permita.

3.- Hai veciños de Camposancos na zona da Igrexa ós que non lles funciona a TDT. Tentaremos, de acordo con RETEGAL, solucionar o problema da TDT na parte central de Camposancos

4.- Pregunta polo empadramento en Salcidos de xente que é de Camposancos. Se é así, vaise corrixir.